
PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2008

XXXVII Curso de Saúde Ambiental

II CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE

A Coruña, 27-31 outubro 2008



Patrocinadores oficiais

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

EGAEL Escola Galega de Administración e Estudos Locais

FEGAMP

Patrocinador especial

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

'O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación'.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Nesta liña e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2008,** iniciativa itinerante por toda a xeografía galega que leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, cos parabéns do coordinador do proxecto 'Healthy Cities' da Oficina Rexional para Europa da OMS e baixo o mecenado de Obra Social Caixa Galicia e Egael-Fegamp, contou ata agora coa participación de 212 concellos (209 galegos, 2 leoneses e 1 asturiano) e 3.240 asistentes ao curso nas 36 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizadas. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas medioambientais prioritarios que ten o conxunto da comunidade galega, organízase o XXXVII Curso de Saúde Ambiental – II Congreso Galego de Medio Ambiente & Saúde, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación medioambiental de Galicia, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2008

Programa

LUNS, 27 DE OUTUBRO

09:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

10:00 h.: ACTO INAUGURAL, a cargo de *D. Francisco Javier Losada de Azpiazu*, alcalde-presidente do Concello de A Coruña; *D. Carlos Antonio Fernández Castro*, presidente da FEGAMP-Federación Galega de Municipios e Provincias; *Dª. María José Rubio Vidal,* conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia; *D. Xosé Lois Martínez Suárez,* vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental da Universidade da Coruña; *Dª. María Neira González,* directora Department of Public Health and Environment World Health Organization; *D. José Vicente Martí Boscá,* presidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA); representante de Caixa Galicia.

11:00 h.: CONFERENCIA INAUGURAL: ′**A nova estratexia global en Saúde Pública e Medio Ambiente**′
DRA. Dª. MARÍA NEIRA GONZÁLEZ
Directora Department of Public Health and Environment-World Health Organization.

12:00 h.: I SESIÓN PLENARIA: ′**Saúde ambiental para todos: unha esperanza alcanzable no terceiro milenio**′

PRESIDENTE: D. JOSÉ VICENTE MARTÍ BOSCÁ
Xefe da Unidad de Sanidad Ambiental da Área de Epidemiología da Dirección General de Salud Pública da Generalitat Valenciana. Presidente da Sociedad Española de Sanidade Ambiental.

RELATORES:

- ′**Galicia sustentable e saudable**′
  PROF. DR. D. ROXELIO P. MOREIRA
  Experto naturalista. Profesor de Edafoloxía e Xeoloxía da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Ex-coordinador da Asemblea Ecoloxista de Galicia.

- ′**Medio ambiente e saúde: conceptos que deben valorarse conxuntamente**′
  DR. D. RAMÓN MEDINA GONZÁLEZ-REDONDO
  Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

- ′**Avaliación ambiental estratéxica: un instrumento para o desenvolvemento sostible**′
  PROF. DR. D. DOMINGO GÓMEZ OREA
  Catedrático de Medio Ambiente da Universidad Politécnica de Madrid.

16:30 h.: II SESIÓN PLENARIA: ′**A calidade do aire: prevención e loita contra o cambio climático (I)**′

PRESIDENTE: PROF. DR. D. DARÍO PRADA RODRÍGUEZ
Catedrático de Química Analítica e director do Instituto Universitario de Medio Ambiente da Universidade da Coruña.

RELATORES:

- ′**A nova directiva da calidade do aire: requisitos das medicións e da calidade dos datos**′
  DRA. Dª. ROSALÍA FERNÁNDEZ PATIER
  Xefa da Área de Contaminación Atmosférica e ex-directora do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Ciencia e Innovación. Representante español nas Directivas Comunitarias da Calidade do Aire.

- ′**Estado actual da calidade do aire en Galicia: prevención, seguimento e adopción de medidas correctoras**′
  D. MIGUEL ÁNGEL COSTOYA RIVERA
  Director do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

- **'Plans de actuación do Concello da Coruña no eido do cambio climático'**
  D. GUILLERMO LEIRA NOGALES
  Xefe da Sección de Calidade e Avaliación Ambiental do Concello da Coruña.

- **'Prevención e control da contaminación atmosférica nas grandes instalacións de combustión: novos retos'**
  D. JOSÉ LUIS BERMÚDEZ CELA
  Xefe de Medio Ambiente de Endesa-As Pontes.

19:00 h.: III SESIÓN PLENARIA: **'Modelo enerxético sostible: prevención e loita contra o cambio climático (2)'**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. LUIS ESPADA RECAREY
Ex-rector e catedrático de Enxeñería Química da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo. Valedor do Cidadán de Vigo.

- **'O cambio climático e os dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro'**
  D. ÁNGEL LAGARES DÍAZ
  Xefe de Medio Ambiente de Unión Fenosa.

- **'Retos ambientais da enerxía eléctrica: a experiencia de Iberdrola'**
  D. FRANCISCO OLARREAGA TELLECHEA
  Xefe do Departamento de Desarrollo Sostenible de Iberdrola.

- **'Bioetanol: retos de futuro no mercado enerxético'**
  D. ANTONIO LÓPEZ-PERALES MORA
  Xefe de Calidade e Medio Ambiente da Planta Bioetanol Galicia, S.A.

MARTES, 28 DE OUTUBRO

10:00 h.: I CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **'Estratexia de actuación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil: novos retos para o futuro de Galicia'**
D. FRANCISCO FERNÁNDEZ LIÑARES
Presidente da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

11:00 h.: IV SESIÓN PLENARIA: **'A protección e a mellora da calidade das augas ante o reto da DMA: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible de Galicia'**

PRESIDENTE: D. MANUEL PORTO PORTO
Xefe da Sección de Sanidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en A Coruña.

RELATORES:

- **'Estado actual da calidade das augas nas rías galegas: programa de control das zonas de produción de recursos mariños'**
  D. XOSÉ MANOEL ROMARIS PAIS
  Director do INTECMAR-Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.

- **'Plan de saneamento de Galicia 2000-2015'**
  PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ
  Subdirector xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.

- **'Proxecto de depuración e emisario da EDAR para a cidade da Coruña e concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros'**
  D. IGNACIO MAESTRO SAAVEDRA
  Director das Obras de Mellora da Depuración da Coruña da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

- **'Proxecto de EDAR da cidade de Vigo: unha aproximación integral ao saneamento'**
  D. RAFAEL DÍAZ MARTÍNEZ
  Xefe do Departamento de Proyectos y Obras de Saneamiento de AcuaNorte.

- **'Problemática actual dos sistemas de abastecemento de augas de Lugo, Ourense, Pontevedra e Monforte de Lemos: solucións alternativas'**
  D. CÉSAR PRIETO GARCÍA
  Xefe do Departamento de Proyectos y Obras de Abastecimiento de AcuaNorte.

16:30 h.: II CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **'Novas estratexias cara á sostibilidade do ciclo urbano da auga'**
PROF. DR. D. JOAQUÍN SUÁREZ LÓPEZ
Profesor titular de Enxeñería Sanitaria e Ambiental da Universidade da Coruña.

17:30 h.: COMUNICACIÓNS TÉCNICAS DE AUGAS

PRESIDENTE: D. MANUEL ÁLVAREZ CORTIÑAS
Xefe de Servizo de Sanidade Ambiental da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

RELATORES:

- **'Criterios sanitarios da calidade das augas de consumo humano: estado actual dos abastecementos galegos'**
  DRA. Dª. INÉS MATO NAVEIRA
  Farmacéutica inspectora de Saúde Pública e xefa da Sección de Sanidade Ambiental da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

- **'O sistema de abastecemento de augas de A Coruña'**
  D. JAIME CASTIÑEIRA DE LA TORRE
  Director xeral da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA).

- **'A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns concellos galegos'**
  D. AGUSTÍN CAMBEIRO PIÑEIRO
  Director Zona Norte de Aquagest, S.A.

- **'Pasado, presente e futuro do saneamento e depuración da cidade de Vigo'**
  D. ROBERTO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
  Responsable de Procesos Medioambientais de Aqualia Galicia.

- **'A xestión das novas infraestruturas nas redes de saneamento: os tanques de tormenta na cidade de Lugo'**
  Dª. MERCEDES DEL PINO FERNÁNDEZ-COUTO GÓMEZ
  Delegada de Gestagua, S.A. en Galicia.

- **'Eficacia das plantas depuradoras de augas residuais compactas e prefabricadas para pequenos núcleos de poboación'**
  D. RAFAEL DOPAZO SANTOS
  Técnico de Desarrollo de Negocio de SMA-Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

MÉRCORES, 29 DE OUTUBRO

10:00 h.: III CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **'Unha política integral de residuos para Galicia'**
D. JOAQUÍN BUERGO DEL RÍO
Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

11:00 h.: V SESIÓN PLENARIA: ′**A xestión dos residuos en Galicia: a súa reciclaxe, reutilización e valorización**′

PRESIDENTE: PROF. DR. D. MANUEL SOTO CASTIÑEIRA
Profesor titular de Enxeñería Química e director da Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña. Ex-presidente de Adega.

- ′**De Sogama á Sociedade Galega do Medio Ambiente**′
  Dª. MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
  Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.

- ′**Planta de tratamento de residuos urbanos de Nostián**′
  D. DANIEL OTERO COUTO
  Director xerente de Albada.

- ′**Xestión de residuos na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza: resultados a cinco anos da posta en marcha da planta de reciclaxe e compostaxe**′
  D. JACOBO PATIÑO LÓPEZ
  Director de Explotación de FCC-Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.

- ′**Valorización de residuos orgánicos biodegradables**′
  D. SEVERIANO ÓNEGA ARES
  Asesor técnico de Agroamb, S.L.U.

- ′**CTRIG-Centro de Tratamento de Residuos Industrias de Galicia: situación actual e perspectivas de futuro**′
  D. RAMÓN BLANCO LÓPEZ
  Director industrial de Sogarisa.

16:30 h.: COMUNICACIÓNS TÉCNICAS DE RESIDUOS

PRESIDENTE: D. BENITO GARCÍA CARRIL
Director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- ′**SIGRE Medicamento y Medio Ambiente**′
  D. MARIO ZARZUELA RESCALVO
  Técnico do Departamento de Relaciones Institucionales de ′SIGRE Medicamento y Medio Ambiente′.

- ′**Planta de selección e clasificación de medicamentos: a súa reciclaxe e valorización enerxética**′
  D. JUAN ARIAS BARAGAÑO
  Xefe de Planta de Danigal-Responsable Proxecto Sigre.

- ′**A xestión de residuos radiactivos: unha solución ambiental**′
  Dª. SILVIA RUEDA SÁNCHEZ
  Técnico do Departamento de Formación de ENRESA.

- ′**A produción e xestión de residuos nunha empresa construtora**′
  D. JOSÉ ANTONIO CHORÉN OTERO
  Xefe do Departamento de Calidade, Prevención, Medio Ambiente e I+D+i de CRC Obras y Servicios, S.L.

- ′**Papel dos xestores autorizados na recollida, transporte e tratamento final dos residuos da construcción e demolición**′
  Dª. ELVIRA CAMARERO PÉREZ
  Directora comercial do Grupo GESTÁN.

- ′**Reciclaxe e tratamento do vidro**′
  D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
  Director técnico de Danigal Vidrio, S.L.

XOVES, 30 DE OUTUBRO

10:00-14:00 h.: Paseo pola cidade da Coruña, coordinado e guiado polo Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, onde se mostrarán accións ambientais sobre un ecosistema urbano nun marco de sostibilidade.

10:00 h.: IV CONFERENCIA MONOGRÁFICA: ′**Integración da análise de ciclo de vida en procesos industriais para a avaliación do impacto das substancias químicas**′
PROF. DR. D. GUMERSINDO FEIJOO COSTA
Catedrático de Enxeñería Química da Universidade de Santiago de Compostela.

11:00 h.: VI SESIÓN PLENARIA: ′**Efectos das substancias químicas sobre a saúde e o medio ambiente: avaliación e xestión do risco**′

PRESIDENTE: PROF. DR. D. FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA
Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela. Membro Correspondente da Real Academia Nacional de Farmacia. Numerario da Real Academia de Farmacia de Galicia. Numerario da Real Academia Galega. Premio Nacional da Cultura Galega 2008 na modalidade ′Pensamento e Cultura Científica′.

RELATORES:

- ′**A nova política europea sobre substancias químicas para elevar a protección da saúde humana e o medio ambiente: aspectos sanitarios da implantación do regulamento REACH en España**′
  DRA. Dª. COVADONGA CABALLO DIÉGUEZ
  Xefa da Área de Biocidas y Productos Químicos da Subdirección General de Sanidad Ambiental y Salud Laboral do Ministerio de Sanidad y Consumo.

- ′**Convenios de organismos internacionais relacionados coas sustancias quimicas**′
  DRA. Dª. ANA FRESNO RUIZ
  Subdirección General de Calidad del Aire y Prevención de Riesgos da Dirección General de Calidad y Evaluación Medioambiental do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

- ′**Estudos de biovixilancia no marco da avaliación do risco dos contaminantes químicos sobre a saúde humana**′
  DRA. Dª. MARÍA ARGELIA CASTAÑO CALVO
  Xefa da Área de Toxicología do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Ciencia e Innovación. Presidenta de REMA. Membro do Comité Científico de Ecvam.

- ′**Avaliación ecotoxicolóxica**′
  PROFª. DRA. Dª. MARÍA JULIA MELGAR RIOL
  Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

- ′**A avaliación do risco sanitario asociado a factores ambientais de tipo químico: o Public Health Assessment como ferramenta de traballo da ATSDR/NCEH (CDC)**′
  D. JOSÉ MARÍA ORDÓÑEZ IRIARTE
  Técnico de apoio da Subdirección General de Sanidad Ambiental da Consejería de Sanidad da Comunidad de Madrid. Vicepresidente da SESA.

16:30 h.: VII SESIÓN PLENARIA: ′**A empresa ante o reto ambiental do século XXI**′

PRESIDENTE: D. ANTONIO FONTENLA RAMIL
Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.

RELATORES:

- ′**A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial**′
  D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO
  Auditor xefe de Sistemas de Xestión Medioambiental da Delegación de Aenor en Galicia.

- ′**A Responsabilidade Social Corporativa como ferramenta de excelencia empresarial**′
  Dª. MARÍA VICTORIA ESCUREDO MERINO
  Xefa do Departamento de Consultoría de Novotec Galicia.

18:00 h: COMUNICACIÓNS TÉCNICAS DE EMPRESAS: ′**Contribución das empresas galegas ao desenvolvemento sostible de Galicia**′

PRESIDENTE: D. JULIÁN MAYOR BALVÍS
Director División Calidade, Medio Ambiente e Prevención de Riscos Laborais de APPLUS+ Zona Noroeste.

RELATORES:

- ′**Extratexia medioambiental da Compañía Coca-Cola: o noso compromiso coa auga**′
  Dª. SUSANA PLIEGO GIL
  Responsable de Medio Ambiente, Seguridad y Salud Laboral da Compañía Coca-Cola España.
- ′**Plan de aforro enerxético de Hijos de Rivera, S.A.**′
  Dª. SUSANA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ
  Directora de Calidade de Hijos de Rivera, S.A..
- ′**Xestión dos aspectos ambientais da industria do refino**′
  D. MARIANO VEGA TERÁN
  Xefe de Medio Ambiente e Calidade da Refinería de A Coruña Repsol Petróleo.
- ′**Estratexia de sostibilidade de Alcoa**′
  D. PEDRO JOSÉ TERROBA HERCE
  Xefe de Medio Ambiente de Alcoa San Ciprián.
- ′**O medio ambiente e a industria do automóbil: contribución de PSA Peugeot Citroën**′
  D. LUIS MARÍA DE OLAZÁBAL DE LOS RÍOS
  Responsable de Medio Ambiente de PSA Peugeot Citroën.
- ′**Proxecto Ferrosolar: transformación dun produto metalúrxico para o aproveitamento enerxético**′
  D. JAVIER BULLÓN CAMARASA
  Director xeral de Ferroatlántica I + D.
- ′**Peche da mina de Meirama: propostas medioambientais**′
  D. JUAN LUIS DELGADO FERNÁNDEZ
  Responsable de Medio Ambiente e Calidade de Lignitos de Meirama, S.A.

VENRES, 31 DE OUTUBRO

10:00 h.: V CONFERENCIA MONOGRÁFICA: ′**Novos instrumentos económicos para a protección ambiental: axudas rexionais, nacionais e europeas**′
D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO
Asesor técnico da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

11:00 h.: VIII SESIÓN PLENARIA: ′**Posta en común sobre a problemática ambiental das sete grandes cidades de Galicia: municipios saudables e sostibles de excelencia ambiental e turística como obxectivo**′

PRESIDENTE: PROF. DR. D. FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA
Profesor titular de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Experto en dereito ambiental.

RELATORES:

- ′**Plan de acción ambiental do Concello da Coruña**′
  Dª. MARÍA BEGOÑA LÓPEZ GARCÍA
  Xefa de Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña.

- **'Plan de indicadores de sostibilidade urbana de Ferrol'**
  Dª. MARÍA CONCEPCIÓN LÓPEZ FERNÁNDEZ
  Concelleira delegada de Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos do Concello de Ferrol.

- **'Enfoque actual da planificación municipal: bases para unha xestión sostible e participativa'**
  D. MIGUEL ÁNGEL NEGRAL FERNÁNDEZ
  Técnico de Medio Ambiente do Concello de Lugo.

- **'Plan de intervención ambiental do Concello de Ourense'**
  D. DEMETRIO ESPINOSA MANGANA
  Concelleiro delegado de Medio Ambiente do Concello de Ourense.

- **'Pontevedra: a cidade da auga'**
  D. ÁNGEL VELANDO RODRÍGUEZ
  Arquitecto xefe da Oficina Técnica de Arquitectura da Área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras do Concello de Pontevedra.

- **'Entre o Sar e o Sarela, Compostela. Un plan de sustentabilidade para Santiago'**
  Dª. JOSEFINA ELVIRA CIENFUEGOS LÓPEZ
  Concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do Concello de Santiago.

- **'Actuacións medioambientais na recuperación dos areais do Concello de Vigo'**
  Dª. MARÍA JESÚS LAGO REY
  Concelleira delegada de Medio Ambiente e Sanidade e Consumo do Concello de Vigo.

16:30 h.: IX SESIÓN PLENARIA: **'Posta en valor do patrimonio natural, cultural e histórico galego: o camiño cara á sostibilidade de Galicia'**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. JOSÉ CARRO OTERO
Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

RELATORES:

- **'Radiografía ambiental de Galicia: propostas de mellora'**
  PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA
  Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid. Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en saúde ambiental.

- **'Xestión forestal sostible e conservación do medio natural en Galicia'**
  PROF. DR. D. ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ
  Catedrático de Botánica Forestal do Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académico numerario da Real Academia Galega de Ciencias.

- **'Do feísmo ao urbanismo sostible en Galicia'**
  PROFª. DRA. Dª. ALMUDENA FERNÁNDEZ CARBALLAL
  Profesora titular da Área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña. Especialista en dereito urbanístico.

- **'A sostibilidade do litoral galego: pasado, presente e futuro'**
  D. CARLOS GIL VILLAR
  Conselleiro técnico da Demarcación de Costas en Galicia da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

19:30 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS, a cargo de *D. Manuel Ameijeiras Vales,* delegado do Goberno en Galicia; *D. Salvador Fernández Moreda,* presidente da Deputación Provincial da Coruña; *Dª. María Nieves Vázquez Novo,* concelleira de Medio Ambiente e Sostibilidade do Concello da Coruña; *D. Ramón Medina González-Redondo,* director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; *D. Manuel Tajes Gómez*, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia na Coruña; *D. José Carro Otero,* presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia; representante de Caixa Galicia.

20:30 h.: O CONCELLO DA CORUÑA OFRECERÁ AOS CONGRESISTAS UN VIÑO GALEGO DE DESPEDIDA.

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.
- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.

DESTINATARI@S

- Técnic@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnic@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.

METODOLOXÍA

- Conferencias inaugural e monográficas, sesións plenarias e comunicacións técnicas configuran a estrutura do curso/congreso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.
- Paseo pola cidade da Coruña, coordinado e guiado polo Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, onde se mostrarán accións ambientais sobre un ecosistema urbano nun marco de sostibilidade.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** limitado á capacidade do local, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina de **Caixa Galicia**, situada na R/ Médico Rodríguez, 11 – A Coruña, nº de conta: **2091 0060 71 3040026808,** especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarase/enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición abrirase o venres día 26 de setembro, fixándose a data límite de formalizala o venres día 24 de outubro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso/congreso, que consta de **40 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A Universidade da Coruña (UDC) concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso (en tramitación); a Universidade de Santiago de Compostela (USC) concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso; e a Universidade de Vigo (UV) concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Centro de Estudos Caixa Galicia (Ronda de Nelle, 31 – A Coruña), coa excepción das sesións inaugural e de clausura (luns día 27 de outubro de 10:00 a 14:00 horas e venres día 31 de outubro de 16:30 a 20:30 horas) que terán lugar na Fundación Caixa Galicia (Cantón Grande, 21-24 – A Coruña).
- **Datas:** do 27 ao 31 de outubro de 2008.
- **Horario:** de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas (de luns a venres).

SECRETARÍA TÉCNICA

(INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS)

R/ San Andrés, 135-137, 1º
15003 A CORUÑA
Tel.: 981 186 510
Fax: 981 990 751
E-mail: obrasocial@caixagalicia.es
www.obrasocialcaixagalicia.org

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

Organismos colaboradores

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO · CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO · acuaNorte

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE SANIDAD Y CONSUMO

acoruña 1208·2008

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

augasdegalicia

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Entidades e empresas colaboradoras

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

Applus+ Certification Technological Center

novotec

FerroAtlántica I+D
Grupo FerroAtlántica

REPSOL
Refinería de A Coruña

ABENGOA BIOENERGIA
BIOETANOL GALICIA

ALCOA

IBERDROLA

Limeisa
Lignitos de Meirama Sociedad Anónima

UNION FENOSA

endesa

AQUABONA

Coca-Cola

Agua Mineral Natural
CABREIROÁ

Estrella Galicia

Jael joyería

aqualia

Aquagest

emalcsa

GESTAGUA

sma
Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

AGROAMB
sen do da rec c axe

danigal

danigal Vidrio, S.L.

CRC
CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

enresa
soluciones ambientales

FCC
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.

gestán
Tratamiento de Residuos

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

sogarisa
Sociedad Gallega de Residuos Industriales, S.A.

urbaser

Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola

SESA
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

Declarado de interese sanitario pola

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Recoñecido con créditos de libre configuración polas (*)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE VIGO

Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa

Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española